


non vai calor cando ela está lonxe



David o'sobchak
non vai calor cando ela está lonxe
<http://cccp.blogaliza.org>

non vai calor cando ela está lonxe

cando chega, trae o frío canda ela

—sancho, quijote, quijote, sancho
—arreguizos poderosos!
—comando g sempre alerta está
—non creo na persistencia da visión

o coiro vello enfarlopado bateu co coiro novo embalsamado.
foi un empate técnico

cando chega, trae o frío enlatado canda ela

máis unha vez
e menos mal,
aloumiños de insatisfacción
no noso zulo asolagado
de síndrome de estocolmo

estamos muy contentos, es un momento muy dulce

un banco é unha rampa de skate
unha rampa de skate é un antihistamínico
un antihistamínico é unha viaxe
unha viaxe é un paquete de ducados
un paquete de ducados é un xersei a raias
un xersei a raias é un quetzal
un quetzal é un porco rabelo
un porco rabelo é un parafuso ferruxento
un parafuso ferruxento é unha herba de namorar
unha herba de namorar é un zulo

amo o teu xersei a raias azul ducados

virginia

teimudo ritual de lagarada postmoderna
silandeiros remorsos que restan pracer
éche divertido!

odio a virginia

padezo
libido infinita
sometida á abstinencia
como dogma de fe

aborrecido,
prendín o trebello
e peguei lume...

aos relambidos desleigados de zonanueva
a xentalla de traxe negro da capital
aos patriotas ortodoxos do cascovello
a rapazada esmorguenta de adventureland
aos modernos hipnonseique de petersburgo
ao starsystem da frandula audiovisual
as leiteiras, que xa non baixan do monte
aos hooligans do basket e máis do futsal
aos guiris charramangueiros do ryanair
aos guiris devotos do saintjame'spath
a unha pila de repunantes
e a algún dano colateral

e arderon todos.
todos ben
como eucaliptos
[especie pirófito]

todo o mundo é mais hábil ca mín

e entramos por entrar, que total...
e era visto, todo eran risas na sección dos espirituosos
e concordabamos nas denominacións de orixe
e debatíamos intensamente sobre as adegas
e chocamos cos perecedoiros
e estaba caducado
e eu quería un 2x1, ti preferiches a pureza
e malo foi.
e marchei cunha ridícula cesta vermella
e ficaches co carro, perdido no labirinto de metal

estúpido minotauro de pelo crecho! mala herba...

apenas pedir-lles para me deixar vivir a miña propia vida. nunca quixen ser un exemplo

non vai calor cando ela está lonxe 16/04/1992

non cobizo a túa gloria o que no teu ventre encontro
senón apagar a túa sede
d e s c a n s a r
con toda a dor da obsesión
o que aínda non vencín

estás fora do teu elemento, patética flor!

non vai calor cando ela está lonxe, cariño

era máis ruído branco que a música
o vermello estaba berrando
máis que o habitual
o baño estaba cheo
de sexo triste e fariña, como de costume.

o dedo debuxou
un círculo infinito de confusión
na chaqueta sintética branca
e despois de todo
o que esquece o absurdo.

máis de 50 cadros por segundo
como spacey na neveira.

fundido a negro

non vai calor cando ela está lonxe?

se cadra, mais
chegados aquí...
nonteñonadamaisquedcir